



22 de xuño de 2024

ORDE do 31 de xaneiro de 2024 (DOG 14/02/2024)

Procedemento selectivo de ingreso
ao corpo de profesorado de escolas oficiais de idiomas

Código 592. Especialidade 011 inglés

APELIDOS E NOME:

PRIMEIRA PROBA - PARTE A

TRADUCIÓN

Indicacións xerais:

- Empregue un bolígrafo con tinta azul indeleble.
- Pode usar papel de borrador
- Non empregue cintas ou fluídos correctores; de necesitar anular algunha parte do escrito, abondará cun X ou cunha liña sobre o escrito.



TRANSLATE INTO ENGLISH

En la Antigüedad no se sabía cómo nacían las abejas. Los sabios, como Aristóteles, inventaron teorías disparatadas. Se decía, por ejemplo, que las abejas venían del vientre de los bueyes muertos. Y así durante siglos y siglos. Y todo esto, ¿sabe por qué? Porque no eran capaces de ver que el rey era una reina. ¿Cómo sustentar la libertad sobre una mentira semejante?

Le aplaudieron mucho, añadió ella.

Bah. No fue una ovación indescriptible, comentó el doctor con humor. Pero hubo aplausos.

Y dijo Marisa:

Él ya me gustaba. Pero fue después de oírlo aquel día cuando me pareció verdaderamente atractivo. Y más aún cuando mi familia me advirtió: a ese hombre, ni te acerques. Enseguida se informaron de quién era.

Yo pensaba que ella era costurera.

Marisa rió:

Sí, le mentí. Fui a hacerme un vestido a un taller de costura que había frente a la casa de su madre. Yo salía de probar, y él venía de visitar a sus enfermos. Me miró, seguí adelante y de repente se dio la vuelta: ¿Trabajas aquí? Yo asentí. Y él dijo: ¡Pues qué costurera más bonita! Debes de coser con seda.

El doctor Da Barca la miraba con sus viejos ojos tatuados de deseo.

Entre las ruinas arqueológicas de Santiago, aún debe de haber un revólver herrumbroso. El que nos llevó ella a la cárcel para que intentáramos salvarnos.

El lápiz del carpintero – Manuel Rivas

* * *

Na antigüidade non se sabía como nacían as abellas. Os sabios como Aristóteles inventaron teorías disparatadas. Díciase, por exemplo, que as abellas viñan do ventre dos bois mortos. E así durante séculos e séculos. ¿E todo isto sabes por que? Porque non eran quen de ver que o rei era una raíña. ¿Como sustentar a liberdade sobre unha mentira semellante?

Aplaudírono moito, engadiu ela.

Boh. Non foi unha ovación indescriptible, comentou o doutor con humor. Pero houbo aplausos.

E dixo Marisa:

Gustábame. Pero despois de oílo aquel día foi cando me pareceu atractivo de verdade. E máis aínda cando na familia me advertiron: A ese home, nin te achegues. Informáronse axiña de quen era.

Eu pensei que ela era costureira.

Marisa riu:

Si, mentinlle. Fun facer un vestido a un taller de costura que había fronte á casa da nai. Cando saín de probar, viña el de visitar enfermos. Miroume, seguiu adiante, e de repente deu a volta: ¿Traballas aquí? Eu asentín. E el dixo: ¡Pois que costureira tan bonita! Debes coser con seda.

O doutor Da Barca mirábaa cos vellos ollos tatuados de desexo.

Entre as ruínas arqueolóxicas de Santiago aínda debe haber un revólver enferruxado, o que ela nos levou ao cárcere para intentar salvarnos.

O lapis do carpinteiro – Manuel Rivas



Translate into English. Write your answer in the space below: